

ORGANIZA

COHEMPO Tfno 981 451153/694446724
Horario de 9.00 a 14.00h

DURACIÓN

Do 5 de decembro de 2024 ao 6 de xaneiro de 2025.

MODO DE PARTICIPACIÓN PARA CLIENTES

Poderá participar calquera persoa que realice compra ou gasto nos establecementos adscritos á campaña entre o 5 de decembro e o 6 de xaneiro.

Para participar deberán de cubrirse as tarxetas con 3 selos diferentes (dos establecementos adheridos á campaña). Para conseguir un selo será **obligatorio realizar unha compra e se selará unha única vez por compra**.

O cliente poderá identificar aos establecementos participantes polo cartel anunciador da campaña, así como no listado adxunto nestas bases.

O cliente deberá cubrir as tarxetas cós seus datos persoais (nome, apelidos e teléfono) xa que estes serán os que nos axuden a contactar cós gañador unha vez realizado o sorteo .

Os/as empresarios/as participantes na campaña tamén terán dereito a cubrir as papeletas na súa condición de cliente.

SORTEOS

“SORTEOS NADAL”

Realizaranse 3 sorteos nas seguintes datas:

- Venres 13 de decembro
- Venres 20 de decembro
- Venres 27 de decembro

De non localizar ao/á agraciado/a, nin recibir resposta durante a semana seguinte, procederase a contactar cós reserva o día do seguinte sorteo.

Elixiranse 1 reserva por premio.

Só entrarán no sorteo as tarxetas adquiridas a través da Asociación por compras realizadas entre os días 5 e 26 de decembro.

A Asociación poñerase en contacto cós premiados chamando ó número de teléfono facilitado na papeleta.

“SORTEO ESPECIAL REIS MAGOS”

Durante o día 5 de xaneiro levaremos a cabo un sorteo especial da man dos Reis Magos.

O lugar previsto para o sorteo será a oficina de COHEMPO (situada na rúa Sergio Rivera Chao 5-7 B, As Pontes). A hora exacta do sorteo será anunciada atreves das nosas redes sociais.

Sacaranse 2 tarxetas gañadoras e 2 reservas por premio.

De non localizar ao/á agraciado/a na primeira chamada, realizaranse outros dous intentos. Se, no prazo de 15 minutos non se recibise reposta pasarase a chamar á persoa suplente.

Só entrarán neste sorteo as tarxetas correspondentes ás compras realizadas nos establecementos adheridos entre os días 27 de decembro e 5 de xaneiro.

PREMIOS

“PREMIOS NADAL”

- Venres 13 de decembro (2 premios de 300€ cada un)
- Venres 20 de decembro (2 premios de 300€ cada un)
- Venres 27 de decembro (2 premios de 300€ cada un)

O prazo para a reclamación do premio será dunha semana dende o sorteo (de non aparecer a persoa agraciada, pasarase ao número reserva extraído).

No caso de non aparecer o agraciado dentro dos prazos establecidos a directiva da entidade tomará a decisión que estime oportuna.

Para reclamar o premio a persoa posuidora da rifa deberá de poñerse en contacto coa entidade para concertar horario e proceder á comprobación e anotación dos datos persoais.

O gañador do premio pode rexeitalo asinando a correspondente renuncia pasando o premio ao número reserva.

Para poder ser entregado o premio por parte do ORGANIZADOR, previamente deberá asinar o gañador unha carta de aceptación do premio.

“PREMIOS ESPECIAIS REIS MAGOS”

- Domingo 5 de xaneiro (2 premios de 1.000€ cada un)

O sorteo consistirá en 2 premios de 1.000€ cada un, para gastar integramente nesa mesma tarde entre os establecementos adheridos á campaña (non se poderá canxear por vales).

De non poder asistir esa tarde para facer uso do premio, poderá delegar nunha persoa representante quen deberá de dispoñer da correspondente autorización por escrito por parte do premiado así como copia do DNI da persoa premiada.

Para poder ser entregado o premio por parte do ORGANIZADOR, previamente deberá asinar o gañador (ou representante) unha carta de aceptación do premio.

Reclamación do premio:

A Asociación resérvase o dereito a non ter en conta as tarxetas que estean deterioradas, ilexibles ou conseguidas mediante fraude, roubo o mala fe.

GASTO DO PREMIO

Premios Nadal

O/a gañador/a terá ata o día 31 de xaneiro para realizar as compras nos establecementos participantes (independentemente do día no que recibise o premio). Para iso, unha vez feita a verificación daráselle unha lista dos establecementos adscritos e será o mesmo gañador o que leve conta do gasto.

Os premios obxecto da presente campaña en ningún caso poderán ser obxecto de compensación económica a petición do gañador.

Non haberá un gasto máximo por establecemento.

No caso de que se exceda do importe do premio o/a gañador/a pode corrixilo gasto ou aboar a diferenza ao establecemento.

Unha vez feitas as comprobacións o cliente recibirá vales como medio de pago polos importes anotados e deberá entregalos posteriormente nos establecementos elixidos, momento no que poderá levar os artigos se así o permite o establecemento. Será responsabilidade do establecemento deixar levar os artigos con anterioridade.

Os establecementos que reciban os Vales terán que canxealos na Asociación presentando tamén a correspondente factura a nome da entidade para proceder ao pago.

Premios Reis Magos

O/a gañador/a deberá de facer uso do seu premio durante a tarde do 5 de xaneiro, para gastar integramente nesa mesma tarde entre os establecementos adheridos á campaña (non se poderá canxear por vales).

Gasto máximo por establecemento 500€.

Os premios obxecto da presente campaña en ningún caso poderán ser obxecto de compensación económica a petición do gañador.

No caso de que se exceda do importe do premio o/a gañador/a pode corrixilo gasto ou aboar a diferenza ao establecemento.

Unha vez feitas as comprobacións o cliente recibirá vales como medio de pago polos importes anotados e deberá entregalos posteriormente nos establecementos elixidos, momento no que poderá levar os artigos se así o permite o establecemento.

Os establecementos que reciban os Vales terán que canxearlos na Asociación presentando tamén a correspondente factura a nome da entidade para proceder ao pago.

PUBLICIDADE

Na web www.cohempo.es informarse de todo o relativo coa campaña.

Todos os participantes na campaña (establecementos e gañadores) autorizan que os seus nomes (nome comercial no caso do establecemento ou nome e apelidos no caso do/a gañador/a) sexan publicados nos medios de comunicación (prensa escrita, radio e tv local, web relacionada coa campaña e as correspondentes redes sociais) co fin de divulgar a promoción.

No caso do/a gañador/a a difusión da súa imaxe será autorizada polo/a afectado/a.

TRATAMENTO DOS DATOS

Conforme ó disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), consinto que os meus datos sexan tratados baixo a responsabilidade da Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses para as tramitacións oportunas ante as administracións públicas correspondentes para a comunicación dos gañadores e liquidación de impostos, así como para participar no sorteo e enviarme información dos seus produtos e servizos, conservándoos mentres haxa un interese mutuo para elo. No caso de ser gañador do sorteo, autorizo a publicar o meu nome nos medios de comunicación. Doume por informado de que teño dereito a revocar este consentimento en calquera momento e a exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos meus datos e os de limitación e oposición ó tratamento dirimíndome á Rúa Sergio Rivera Chao 5-7 B, 15320 As Pontes (A CORUÑA). Email: cohempo@cohempo.es . Tamén estou informado de que poido reclamar ante a autoridade de control en www.agpd.es.

FISCALIDADE

De conformidade coa normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, os premios están suxeitos a retención ou ingreso a conta, en tanto que a súa contía é superior a 300 Euros.

Como consecuencia do anterior, O ORGANIZADOR será o encargado de facerse cargo do ingreso a conta do IRPF derivado dos premios de 1.000€ (netos)

De igual forma, para poder ser entregado o premio por parte do ORGANIZADOR, previamente deberá asinar o gañador unha carta de aceptación do premio, autorizando ao ORGANIZADOR para efectuar no seu nome a correspondente retención e ingreso a conta a que lles obrigan as disposicións legais vixentes.

Para ese efecto, o gañador deberá facilitar ao ORGANIZADOR, no prazo máximo de 1 día natural desde que sexa requirido para iso, todos os datos persoais e fiscais que este lle solicite, así como fotocopia do DNI, co fin de que O ORGANIZADOR poida levar a cabo o ingreso desta retención, en caso contrario, entenderase que renuncia ao premio.

Todo o anterior ten como fundamento a normativa aplicable á entrega de premios (artigo 101.7 da Lei 35/2006 do 28 de novembro do IRPF, artigos 75.2c, 75.3.f, 99.1 e 105.1 do Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do devandito Imposto).

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na campaña Merca nas Pontes 2024, implica a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, así como o criterio da entidade organizadora na resolución de calquera conflito que puidera xerar a interpretación das mesmas.

Aqueles participantes que incumpran calquera condición de participación incluída nas presentes bases serán excluídos.

A entidade organizadora terá plena potestade para interpretar, aclarar e modificar total ou parcialmente as presentes bases, sen incorrer por iso en responsabilidade algunha.

SOBRE AS BASES

A Asociación e os establecementos participantes terán as bases de participación estando a disposición de calquera interesado.

A participación en Merca nas Pontes 2024, obriga ao establecemento adscrito e aos gañadores dos premios ao cumprimento de todas e cada unha das presentes bases.

A Asociación non será responsable dos danos e prexuízos que se deriven da operativa, excepto que os mesmos sexan ocasionados por unha actuación negligente ou dolosa da Asociación.

A Asociación terá plena potestade para interpretar, aclarar e modificar total ou parcialmente as presentes bases, sen incorrer por iso en responsabilidade algunha.

COHEMPO agradece a todos os participantes a súa colaboración nesta nova edición.

ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

- 1 LA TIENDA
- 2 NEXO
- 3 FARMAVIDA
- 4 XOIERÍA CARBALLEIRA
- 5 LENCERÍA NUBES
- 6 ÓPTICA CARMELA
- 7 PANADERÍA HNOS. DÍAZ
- 8 LUJO
- 9 FLORISTERÍA LEDICIA
- 10 HUME
- 11 DULCE HOGAR GALICIA
- 12 LA CASA DE LA CANDELARIA
- 13 MATOJOMA
- 14 CALZADOS CRIADO
- 15 RADIO ETER
- 16 CALZADOS PAJÓN
- 17 PASTELERÍA ARTESANA MARI
- 18 EL BAÚL
- 19 ÓPTICA BAAMONDE
- 20 LIBRERÍA XANDRA
- 21 TEXAS
- 22 JOYERÍA RAFA VILA
- 23 ANDURIÑA'S

- 24 TRES LÚAS
- 25 SEVERIANO AGROCOMERCIAL
- 26 MOTOS ROUCO
- 27 FERRETERÍA MARCOS
- 28 VL
- 29 RATÓN PÉREZ
- 30 PEITEADOS
- 31 ZOKOS
- 32 LA ESTRELLA
- 33 VILABOY
- 34 OPTICALIA
- 35 MAYGE
- 36 CALZADOS SAAVEDRA
- 37 LA COTTONERÍA
- 38 LECAR712
- 39 URBO MODA
- 40 ELECTRICIDAD ELICIO GÓMEZ
- 41 NIZA
- 42 ROPA'S MODA
- 43 MONTAJES AS PONTES
- 44 CUL PELUQUERÍA Y MODA
- 45 NOVALUX